

## CONVOCATORIA DE BOLSAS PARA OS ESTUDOS DE MÁSTERES UNIVERSITARIOS OFICIAIS NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA, CURSO 2023/24

### 1. OBXECTO DAS BOLSAS

A Universidade da Coruña (UDC) e o Banco Santander convocan **100 bolsas** para o alumnado matriculado nun Máster Universitario Oficial da UDC no curso académico 2023/24, a tempo completo no curso académico 2023/24, segundo os requisitos que establece esta convocatoria.

### 2. DOTACIÓN, CONTÍA E PAGAMENTO

1. Os fondos destinados a estas bolsas serán dun total de 100.000 €, cofinanciados entre a UDC e o Banco Santander dentro do convenio xeral entre ambas as entidades. Irán con cargo á aplicación orzamentaria 0300470135.422D.480.00.

2. A contía bruta de cada bolsa será de 1000 €.

3. O pagamento efectuarase mediante transferencia á conta do Banco Santander indicada polo/a alumno/a, da cal deberá ser titular, seguindo as indicacións que consten na resolución definitiva da convocatoria.

### 3. REQUISITOS DAS PERSOAS SOLICITANTES

Pode solicitar a bolsa o alumnado que cumpra os seguintes requisitos:

a) Estar matriculado no curso 2023/24 na Universidade da Coruña, a tempo completo, dun mínimo de 60 créditos en primeira matrícula nalgún dos Másteres Universitarios Oficiais e ao corrente do pagamento dos prezos públicos.

As materias ou créditos recoñecidos, validados, adaptados ou transferidos non se terán en conta para o cumprimento destes requisitos.

b) Non estar gozando dun Programa de Mobilidade no curso 2023/24.

c) Os estudantes estranxeiros non comunitarios deberán acreditar a condición de **residentes**, de conformidade co disposto na normativa sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España.

### 4. CRITERIOS DE SELECCIÓN

1. As bolsas adxudicaranse de acordo coa nota de acceso ao Máster das persoas solicitantes, segundo a nota media do expediente da titulación que lle deu acceso ao Máster en base 10.

2. Aplicaranse á dita titulación, os seguintes coeficientes correctores: 1,17 cando a rama da titulación sexa Enxeñería e Arquitectura, 1,11 cando a rama da titulación sexa Ciencias e 1,05 se a rama é Ciencias da Saúde.

3. No caso de empate, aplicaranse os seguintes criterios: menor número de suspensos; se o empate persiste, maior número de matrículas de honra; e se o empate aínda persiste, maior número de sobresaíntes, na titulación de acceso ao Máster.

## 5. SOLICITUDES, DOCUMENTACIÓN E PRAZO

O alumnado que reúna os requisitos esixidos nesta convocatoria, deberá tramitar a solicitude da bolsa, segundo o seguinte procedemento:

1. Presentar a solicitude enchendo o formulario en liña ao que se accede a través da ligazón:  
[https://www.udc.es/sape/bolsas\\_axudas\\_premios/bolsas-master-udc-santander/](https://www.udc.es/sape/bolsas_axudas_premios/bolsas-master-udc-santander/)
2. Rexistrarse na plataforma de bolsas do Banco Santander, na convocatoria específica para estas bolsas. Deberán indicar obrigatoriamente o número de expediente que se lles comunicará no correo electrónico que recibirán na súa conta de correo @udc.gal, tras presentar a solicitude tal e como se indica no punto 1, a través da ligazón:

<http://app.becas-santander.com/program/becas-master-udc-santander-2023-24>

No momento da solicitude deberá cubrir unha **Declaración de responsabilidade** de que cumpre todos os requisitos establecidos nesta convocatoria.

### O procedemento é integramente telemático.

Todas as persoas solicitantes deberán subir á aplicación indicada no punto 1:

[https://www.udc.es/sape/bolsas\\_axudas\\_premios/bolsas-master-udc-santander/](https://www.udc.es/sape/bolsas_axudas_premios/bolsas-master-udc-santander/)

- a) DNI en vigor. No caso de cidadáns doutros países: pasaporte ou documento equivalente en vigor. Os estudantes estranxeiros non comunitarios deberán acreditar a súa condición **de residentes**.
- b) O xustificante do pagamento dos prezos públicos de matrícula do curso 2023/24.
- c) A certificación dos estudos de Grao que lle deron acceso ao Máster, calculada en base 10. No suposto de titulacións obtidas no estranxeiro, ademais do certificado do expediente académico, no que conste a cualificación mínima aprobatoria, deben presentar firmado o documento de declaración de equivalencia das notas medias de estudos realizado aos correspondentes españois, que se realizará en liña a través da sede electrónica do Ministerio de Educación e Formación Profesional (MEFP):

[https://universidades.sede.gob.es/pagina/index/directorio/Equivalencia\\_notas\\_medias](https://universidades.sede.gob.es/pagina/index/directorio/Equivalencia_notas_medias)

Poderá requirírselle ás persoas solicitantes, a exhibición da documentación orixinal.

**O prazo de presentación das solicitudes estará aberto desde: 20 de decembro de 2023 ata as 23:00 h do 25 de xaneiro de 2024.**

## 6. INCOMPATIBILIDADES, OBRIGAS E INCUMPRIMENTO DAS PERSOAS BOLSEIRAS

1. Non estar en posesión dun título de Máster Universitario Oficial, nin en disposición de acadalo.
2. Non haber sido beneficiario/a dunha bolsa/axuda para cursar estudos de Máster Universitario Oficial nin en cursos anteriores nin no curso 2023/24, financiada con fondos públicos ou privados (plan propio UDC, Ministerio de Educación e Formación Profesional, Xunta de Galicia...)
3. Non percibir salarios que impliquen calquera vinculación contractual ou estatutaria da persoa bolseira, ou con calquera tipo de ingresos pola prestación de servizos profesionais ou a realización de traballo remunerado, cando supoñan a obtención de ganancias superiores no seu importe ao trinta por cento do Salario Mínimo Interprofesional no curso académico.

4. Non poderán ter a condición de beneficiarias as persoas en que conorra algunha das circunstancias sinaladas no artigo 13.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

5. A persoa beneficiaria debe manter a matrícula activa todo o curso académico 2023/24. No caso de incumprimento das súas obrigas ou renuncia a persoa bolseira deberá reintegrar a cantidade percibida.

As persoas bolsadeiras están obrigados a comunicarlle á Vicerreitoría de Estudantes, Participación e Empregabilidade a renuncia á bolsa tan pronto como se producir a causa que a determine. As baixas que se produciren serán substituídas pola seguinte persoa solicitante que figure na listaxe de agarda, se a houber.

## 7. COMISIÓN DE SELECCIÓN

A Comisión de Selección estará composta polas seguintes persoas:

- a) Presidenta: María José Lombardía Cortiña, vicerreitora de Estudantes, Participación e Empregabilidade
- b) Secretaria: María Gisela Lourido Alonso, xefa do Servizo de Estudantes
- c) Vogal 1: Domingo Calvo Dopico, vicerreitor de Economía e Planificación Estratéxica
- d) Vogal 2: Belén Vidal Seoane, xefa do Negociado III do Servizo de Estudantes
- e) Vogal 3: Gemma Rojo López, representante dos estudantes

A Comisión está facultada para resolver calquera dúbida relacionada con esta convocatoria.

## 8. RESOLUCIÓN E PUBLICACIÓN

1. Unha vez que remate o proceso de avaliación das solicitudes, publicaranse no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC (TEO) a listaxe provisional de persoas con bolsa concedida e denegada, neste último caso coa mención da causa da denegación, e a listaxe de agarda se a houber, para o caso de existir renuncias.

2. As persoas interesadas poderán presentar alegacións e/ou a documentación necesaria para emendar erros no prazo de cinco días hábiles, contados a partir do día hábil seguinte ao da publicación da resolución no TEO.

3. Unha vez revisadas as alegacións e a documentación pola Comisión de Selección, publicarase unha resolución que conterá a listaxe definitiva de persoas beneficiarias das bolsas, así como a listaxe de agarda, se a houber.

As persoas adxudicatarias da bolsa deberán aceptala segundo se indique na resolución definitiva.

## 9. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (Regulamento xeral de protección de datos, RXPD), e do artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informámolo/a de que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), cuxos datos de contacto son: rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, teléfono 981 167 000, correo electrónico <secretariaxeral@udc.gal>.

A solicitude dunha bolsa ao abeiro desta convocatoria implica a aceptación do seu contido e a autorización para que os seus datos persoais sexan utilizados pola UDC, de acordo coa LOPD e

con fundamento nalgunha das bases previstas no artigo 6 do RXPDP, coa finalidade da correcta xestión das bolsas. Todas as persoas que entren en contacto con estes datos coa citada finalidade cumprirán o deber de confidencialidade establecido no artigo 5 da LOPD.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente a publicación dos seus datos na resolución da solicitude no Taboleiro Oficial da Sede Electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional sétima da LOPD. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada no dito taboleiro. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos recollidos na LOPD.

A persoa interesada consente o tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, a rectificación ou a supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a opoñerse ao citado tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Estes dereitos poderaos exercer da seguinte maneira:

a) Prioritariamente, a través do formulario para o exercicio dos dereitos en materia de protección de datos persoais, que figura na Sede Electrónica da UDC, <<https://sede.udc.gal>>, no apartado Outros trámites;

b) Mediante unha solicitude por escrito ao responsable do tratamento dos datos (UDC, Secretaría Xeral), dirixida ben ao enderezo Secretaría Xeral, Reitoría da Universidade da Coruña, rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña; ben ao correo electrónico <[rpd@udc.gal](mailto:rpd@udc.gal)>. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da Sede Electrónica da UDC ou nos rexistros presenciais da UDC.

c) Mediante unha solicitude por escrito dirixida á persoa delegada de Protección de Datos, ben ao mesmo enderezo postal anteriormente indicado, ou ben ao correo electrónico <[dpd@udc.gal](mailto:dpd@udc.gal)>. Tamén se poderá presentar esta solicitude a través do rexistro telemático da citada sede electrónica ou os rexistros presenciais da UDC.

Así mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

A política de privacidade do Banco Santander pódese consultar no seguinte enderezo web:

[www.becas-santander.com/es/legal/privacy](http://www.becas-santander.com/es/legal/privacy)

## DISPOSICIÓN FINAL

Para os efectos previstos no artigo 45 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, esta convocatoria e os sucesivos actos do procedemento a que atinxe, cuxa publicación se determina nestas bases, serán publicados no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

No lugar e data que se indica na sinatura dixital.

O reitor

Julio E. Abalde Alonso